

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### OZA-CESURAS

*Anuncio de convocatoria do procesos selectivos da estabilización e consolidación de emprego temporal do Concello de Oza Cesuras e aprobación das bases específicas dos citados procesos*

##### ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía do 21 de novembro de 2024, e trala oportuna negociación da Mesa Xeral de Negociación, acordouse convocar os correspondentes procesos selectivos para a cobertura por quenda libre, mediante concurso de méritos, das QUINCE PRAZAS que, no momento actual, se encontran desempeñadas por persoal laboral que non se atopa incurso nas situacións de incapacidade temporal de duración superior a dezaioito meses nin con reserva de posto de traballo por mor de incapacidade permanente, nin en situación de incapacidade temporal producida nos cento oitenta días seguintes á resolución denegatoria de incapacidade permanente pola mesma ou similar patoloxía, que máis adiante se especificarán, incluídas nos procesos de estabilización e consolidación de emprego temporal do Concello de Oza-Cesuras a que se refire a OEP extraordinaria do mencionado Concello de 2022, publicada no BOP da Coruña nº 102, do 31 de maio de 2022, e aprobar as bases que de seguido se publican:

**BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN OS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA CUBRIR 15 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL CORRESPONDENTES Á OEP EXTRAORDINARIA DE 2022 PARA A ESTABILIZACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE OZA-CESURAS, POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO DE MÉRITOS.**

As prazas están incluídas na Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización aprobada por Decreto do Alcalde do 27 de maio de 2022, e publicada no BOP nº. 102 do 31 de maio de 2022, e foron sometidas ao coñecemento da Mesa de Negociación do Concello de Oza-Cesuras.

**1ª. Obxecto da convocatoria.-** As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica da convocatoria e do proceso selectivo de estabilización previsto na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para o acceso a quince (15) prazas ocupadas por persoal laboral temporal con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016 no Concello de Oza-Cesuras e desempeñadas por persoal laboral que non se atopa incurso nas situacións de incapacidade temporal de duración superior a dezaioito meses nin con reserva de posto de traballo por mor de incapacidade permanente, nin en situación de incapacidade temporal producida nos cento oitenta días seguintes á resolución denegatoria de incapacidade permanente pola mesma ou similar patoloxía.

**2ª. Publicación.-** As presentes Bases publicaranse íntegramente no BOP da Coruña, no Taboleiro de Edictos do Concello, e na páxina web do Concello de Oza-Cesuras ([www.concellodeozacesuras.es](http://www.concellodeozacesuras.es)). O anuncio da convocatoria no BOE sinalará a data e número do BOP da Coruña en que se teñen publicado as Bases e determinará o inicio de prazo de presentación de solicitudes.

Os restantes anuncios que deriven dos procesos selectivos serán publicados no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

**3ª. Prazas a cubrir.-** As prazas a cubrir, no presente proceso selectivo, son 15, correspondentes ás seguintes categorías:

NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA PROFESIONAL
1	traballador/a social - coordinadora
1	asistente de axuda a domicilio
3	asistente de axuda no fogar
3	auxiliar administrativo
1	auxiliar administrativo na área de benestar
1	conductor
1	operario oficios varios
1	oficial electricista
1	tractorista - conductor
1	delineante
1	auxiliar administrativo - notificador

As mencionadas prazas distribúense da seguinte forma, segundo grupo de clasificación, número de prazas, categoría profesional, posto de traballo e tipo de xornada:

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	Nº DE PRAZAS	CÓDIGO	CATEGORÍA PROFESIONAL	POSTO DE TRABALLO	DA6ª E DA8ª L.20/2021	TIPO DE XORNADA
A2	1	PSEL202201	TRABALLADOR/A SOCIAL - COORDINADORA	PROGRAMA DE SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS	X	COMPLETA
E/AGR.PROF.	1	PSEL202202	ASISTENTA DE AXUDA A DOMICILIO	ASISTENTAL SOCIAL MUNICIPAL	X	PARCIAL
E/AGR.PROF.	1	PSEL202203	ASISTENTA AYUDA NO FOGAR	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	X	PARCIAL
E/AGR.PROF.	1	PSEL202204	ASISTENTA AYUDA NO FOGAR	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	X	COMPLETA
E/AGR.PROF.	1	PSEL202205	ASISTENTA AYUDA NO FOGAR	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	X	COMPLETA
C2	1	PSEL202206	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	PROGRAMA DE SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS	X	COMPLETA
C2	1	PSEL202207	AUXILIAR ADMINISTRATIVO NA ÁREA DE BENESTAR	SERVIZOS NA ÁREA DE BENESTAR	X	COMPLETA
C2/E-AGR.PROF.	1	PSEL202208	CONDUTOR	REPARACIÓN E REPOSICIÓN DE INFRAESTRUCTURA VIARIA, LOCAIS E ESPAZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS	X	COMPLETA
E/AGRI.PROF.	1	PSEL202209	OPERARIO DE OFICIOS VARIOS	ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS	X	COMPLETA
C1	1	PSEL202210	OFICIAL ELECTRICISTA	MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS EN XERAL E DO ALUMEADO PÚBLICO	X	COMPLETA
C2/E-AGR.PROF.	1	PSEL202211	TRATORISTA- CONDUTOR	LIMPEZA, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS LUGARES PÚBLICOS DO CONCELLO	X	COMPLETA
C2	1	SEL202212	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	DIXITALIZACIÓN DO ARQUIVO MUNICIPAL E EVENTUAL NOTIFICADOR	X	COMPLETA
C1	1	SEL202213	DELINEANTE	ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DO DEPARTAMENTO DE URBANISMO	X	COMPLETA
C2	1	SEL202214	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	POSTA AO DÍA DO ARQUIVO MUNICIPAL	X	COMPLETA
C2	1	SEL202215	AUXILIAR ADMINISTRATIVO-NOTIFICADOR	PROGRAMA DE CONTROL DE PERSOAL E ESTOCAXE	X	COMPLETA

**4ª. Requisitos dos participantes.-** Ademais dos requisitos de participación regulados na base “TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES” das Bases Xerais, os aspirantes que participen no presente proceso selectivo deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Non poden participar no proceso selectivo as persoas que xa pertencen ao respectivo corpo, escala ou categoría profesional (Art. 50.3 Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia).

2. Titulación: Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o título de:

NÚM. PRAZAS	DENOMINACIÓN	TITULACIÓN
1	TRABALLADOR/A SOCIAL-COORDINADORA	DIPLOMATURA OU GRAO EN TRABALLO SOCIAL OU TITULACIÓN ACADÉMICA EQUIVALENTE
1	ASISTENTA DE AYUDA A DOMICILIO	AGR. PROFESIONAL (SIN REQUISITO DE TITULACIÓN)
3	ASISTENTA AXUDA NO FOGAR	AGR. PROFESIONAL (SIN REQUISITO DE TITULACIÓN)
3	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	GRUADO/A EN ESO (EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA) OU TITULACIÓN EQUIVALENTE
1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO NA ÁREA DE BENESTAR	GRUADO/A EN ESO (EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA) OU TITULACIÓN EQUIVALENTE
1	CONDUTOR	LICENZA DE CONDUCCIÓN TIPO B
1	OPERARIO OFICIOS VARIOS	AGR. PROFESIONAL (SIN REQUISITO DE TITULACIÓN)
1	OFICIAL ELECTRICISTA	FORMACIÓN PROFESIONAL DE SEGUNDO GRAO, RAMA INSTALACIÓNS E LIÑAS ELÉCTRICAS, OU TITULACIÓN EQUIVALENTE
1	TRACTORISTA - CONDUTOR	LICENZA DE CONDUCCIÓN TIPO B
1	DELINEANTE	FORMACIÓN PROFESIONAL DE SEGUNDO GRAO, RAMA DELINEACIÓN, OU TITULACIÓN EQUIVALENTE
1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO - NOTIFICADOR	GRUADO/A EN ESO (EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA) OU TITULACIÓN EQUIVALENTE

Só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación das instancias, de acordo co establecido na base “CUARTA.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN” das Bases Xerais.

3.- Coñecemento do idioma galego: Os aspirantes deberán posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega, conforme a seguinte clasificación:

GRUPOS	NIVEL
Grupo de clasificación A2	Celga 4 ou certificacións/titulacións equivalentes <sup>1</sup>
Grupo de clasificación C1	Celga 4 ou certificacións/titulacións equivalentes <sup>1</sup>
Grupo de clasificación C2	Celga 3 ou certificacións/titulacións equivalentes <sup>1</sup>
Grupo de clasificación E/Agr. Prof.	Celga 2 ou certificacións/titulacións equivalentes <sup>1</sup>

<sup>1</sup> As certificacións ou titulacións equivalentes son as previstas na Orde de 16 de xullo de 2007 (DOG nº 146, do 30 de xullo) e Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG nº 34, do 19 de febreiro), que modifica a anterior.

No caso de non poder acreditar o coñecemento do galego de conformidade coa normativa vixente, poderase facerse mediante unha proba de carácter oral que acredite a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía, de acordo co establecido na base “DÉCIMA.- COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA”, das Bases Xerais.

Esta proba será cualificada de apto/a ou non apto/a. Serán eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a puntuación de apto/a.

**5ª.- Solicitudes.-** As solicitudes de participación neste proceso selectivo axustaranse ao establecido na base “CUARTA.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN” das Bases xerais.

As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o modelo específico de solicitude de admisión ás probas selectivas de estabilización dispoñible como Anexo 1.

**6ª. Dereitos de exame.-** De acordo do establecido na base “SEXTA.- DEREITOS DE EXAME” das Bases Xerais, as taxas pola inscrición nas probas selectivas serán as seguintes:

GRUPOS	IMPORTE
Grupo de clasificación A2	50 euros
Grupo de clasificación C1	40 euros
Grupo de clasificación C2	30 euros
Grupo de clasificación E/Agr. Prof.	20 euros

**7ª. Sistema selectivo. -**

Concurso, quenda libre.

**8ª. Puntuación máxima e méritos a valorar.-**

A puntuación máxima será 100 puntos.

Valoraranse os seguintes méritos:

a) Experiencia profesional e antigüidade na administración: ata un máximo de 90 puntos.

A Experiencia profesional e a antigüidade na administración, valorarase e acreditarase da forma establecida no apartado 9.1 da base “NOVENA.- SISTEMA DE SELECCIÓN das Bases xerais.

Serán obxecto de valoración postos/prazas nos que se acredite o desenvolvemento de tarefas similares ou equivalentes coas da praza convocada, aínda non sendo coincidentes na súa totalidade.

Enténdese que as puntuacións referiranse a servizos prestados a tempo completo. Os servizos prestados a tempo parcial puntuaranse proporcionalmente. Para estes efectos, o documento acreditativo do tempo de servizos prestados deberá conter a duración da xornada laboral deses servizos durante a totalidade do tempo a computar, especificando, os períodos de tempo de xornada completa e os de xornada parcial e duración desta.

b) Fomación complementaria: ata máximo 10 puntos.

A formación complementaria, valorarase e acreditarase da forma establecida no apartado 9.2 da base “NOVENA.- SISTEMA DE SELECCIÓN das Bases Xerais.

A documentación que acredite os méritos presentarase xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo. Non obstante, poderanse acreditar os méritos durante o prazo de presentación de solicitudes.

En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude nin acreditados documentalmente. Nembargantes, non será necesario presentar a documentación acreditativa dos méritos cando esta figure nos expedientes que obran no Concello de Oza-Cesuras.

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

**9ª. Tribunal/ais Cualificador/res.-** O/os Tribunal/ais cualificador/es, será/án nomeado/os pola Alcaldía, de acordo co establecido na base “OITAVA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR” das Bases Xerais.

A designación dos membros dos Tribunais nomeados pola Alcaldía, farase público xunto coa Resolución definitiva de admitidos e excluídos, publicándose no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

**10ª. Normativa aplicable.-** O presente procedemento selectivo rexirase polo disposto nas BASES XERAIS QUE REXERÁN OS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA CUBRIR AS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022, aprobadas por resolución da Alcaldía, do 20 de febreiro de 2023 (BOP da Coruña, nº 39 do 27 de febreiro de 2023 ),e, no non regulado nas mesmas e nas presentes bases específicas, estarase ao disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP); Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRBRL); Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en Materia de Réxime Local (TRRL); Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 02/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado (RGI); Real Decreto 896/1996, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; e demais disposicións que resulten de aplicación.

Oza-Cesuras, 21 de novembro de 2024

O Alcalde,

Asdo.: José Pablo González Cacheiro

2024/8373